



↑ Magallanes. Lav Diaz. ESTREA 3 XUL

NUMAX PRESENTA:

103 | XULLO 2026




Librería



Montañas de libros

Neste verán buscamos o fresco da montaña para fuxir da calor. Libros de xéneros e latitudes ben distintas, coa montaña de fondo ou como protagonista. Unha escolla de títulos que poden ser parte das vosas lecturas de verán.



**Nunha
brancura de
cella. Ancares**
Emilio Arauxo

TOXOSOUTOS | 18€



Canto eu e a montaña baila

Irene Solà

KALANDRAKA | 17€



La luna y las fogatas

Cesare Pavese

ALTAMAREA
| 18,90€



Un hombre afortunado

John Berger
e Jean Mohr


ALFAGUARA | 17,90€



Os Eidos

Uxío
Novoneyra


NOUDELO E
RIBÓN | 25€



Arraianos

X. L. Méndez
Ferrín

XERAIS | 20,50€



Tierra de empusas

Olga Tokarczuk


ANAGRAMA | 22,90€



Sez Ner

Arno Camenisch

XÓRDIKA | 13,95€



Historia de una montaña

Élisée Reclus

ERRATA
NATURAE | 27€



Quebrada

Mariana
Travacio

LAS AFUERAS
| 16,95€



De la misma madera

Maion Fayoye

NÓRDICA | 19,50€



Soledad

Víctor Català

TROTA | 22,95€



Las fuentes

Marie-Hélène
Lafon

MINÚSCULA | 16€

Eventos | Xullo 2026

VENRES 3 DE XULLO ÁS 19:00H

Presentación de *A lingua estranxeira* (GALAXIA) de **Brais Lamela**. O autor estará acompañado por **Berta Dávila**.

VENRES 10 DE XULLO ÁS 19:00H

Presentación de *Lírica* (LA UÑA ROTA) de **María Salgado**.

XOVES 16 DE XULLO ÁS 19H00

Presentación de *Remove a terra* (SÍGILO) de **Antonio Sánchez Gómez**, acompañado de **Isabel García Vila**, da Plataforma Mina Touro Pino Non.



Festival Internacional de Cinema

curtocircuito.org

curtocircuíto

23

30 Xun - 05 Xul 2026

Santiago De Compostela

Sopa de letras. No ciclo de agosto do Nocturama temos sete títulos cun fío común. Nesta sopa podes atopar sete pistas sobre a temática e o nome do ciclo.

X	R	T	E	L	E	F	O	N	O	C
M	A	I	H	U	S	L	P	T	Z	A
G	B	E	U	E	Z	U	F	A	A	R
R	D	R	S	Q	U	A	O	S	P	P
E	U	S	E	T	B	T	A	O	S	E
B	C	F	V	W	A	S	S	B	E	N
L	I	S	M	O	V	N	I	M	L	T
E	R	W	O	T	E	U	A	D	O	E
I	P	N	O	P	R	X	N	Q	V	R
P	A	S	N	B	D	A	I	S	U	W
S	T	A	L	I	E	N	S	E	R	I

Filme do mes:



MAGALLANES ESTREA 3 XUL

Lav Diaz, 160', PT/ESP, VOSE, +16

Con Gael García Bernal, Darío Yazbek Bernal

Magallanes é un navegante portugués que se rebela contra o poder do Rei, que non apoia os seus sonhos de descubrir o mundo a comezos do século XVI. Convence a Coroa española para que apoie a súa audaz expedición ás lendarias terras de Oriente. A viaxe é máis esgotadora do agardado, con fame e motíns que levan a tripulación ao límite das súas forzas. Ao chegar a

Malasia, Magallanes cambia de opinión, obsesiónase coa conquista e a conversión o que desencadea violentos levantamentos.

O gran cineasta filipino Lav Diaz ofrece un hipnótico e desmitificador retrato de Magallanes gañador da Espiga de Ouro na SEMINCI de Valladolid.

🏆 Mellor filme – SEMINCI 2025



AKIRA PASES 3-4-5 E 8 XUL

Katsuhiro Otomo, 124', XAP, VOSE, +12
Ano 2019. En Neo Tokio, unha metrópole situada sobre as ruínas de Toquio, destruída por unha explosión, vive Tetsuo. Despois de sufrir unha infancia difícil, será suxeito de probas dunha máquina destinada a desenvolver as capacidades psíquicas que se encontran dentro de cada un de nós.

🏆 **Sección Oficial – Annecy 1989**



LAS CORRIENTES ESTREA 10 XUL

Milagros Mumenthaler, 104', ESP, VOSE, +12
Con Isabel Aimé González Sola, Esteban Bigliardi

No cumio da súa carreira, Lina, unha profesional da moda de 34 anos, déixase levar por un impulso repentino nunha entrega de premios en Suíza. De volta a Bos Aires non di nada do sucedido, algo nela muda: silencioso e invisible, desentraña sutilmente un pasado que cría ter deixado atrás.

🏆 **Premio RTVE Otra Mirada – Donostia 2025**



UN TAXI EN TOQUIO ESTREA 10 XUL

Yōyi Yamada, 103', XAP, VOSE
Con Chieko Baisho, Takuyo Kimura

O taxista Koji Usami recibe a encarga de levar a Sumire Takano, de 85 anos, desde Shibamata até un centro de maiores en Hayama. Sumire pídelle que dea algúns rodeos. Aos poucos, Sumire comeza a contarlle a historia do seu gran pasado.




OMAHA ESTREA 17 XUL

Cole Webley, 83', ING, VOSE, +12
Con John Magaro, Molly Belle Wright

Logo dunha traxedia familiar, os irmáns Ella e Charlie emprenden con seu pai unha viaxe a través do país para coñecer un mundo novo. A medida que se desenvolve a súa aventura, Ella empeza a comprender que as cousas poden non ser o que parecen.

🏆 **Sección Oficial – Sundance 2025**



A ODISEA ESTREA 24 XUL

Christopher Nolan, 173', ING, VOSE

Con Matt Damon, Tom Holland, Robert Pattinson

Odisseo tenta regresar a Ítaca tras a Guerra de Troia, enfrontándose a perigos épicos e criaturas míticas. Na súa longa viaxe, desafia deuses e supera obstáculos case imposibles. O seu maior desexo é reecontrarse coa súa amada Penélope e recuperar o seu fogar.



NUESTRA TIERRA ESTREA 31 XUL

Lucrecia Martel, 122', ESP, VO

En 2009, un home e dous cómplices tentan desalojar os membros da comunidade indíxena Chuschagasta, no norte de Arxentina. Reclaman a propiedade da terra e matan o líder da comunidade, Javier Chocobar. O asasinato queda gravado en vídeo. Tras nove anos de protestas, en 2018 ábrese o proceso xudicial.

🏆 **Sección Oficial – Venecia 2025**

Petís Numax



MATILDA PASES 17-18-19 XUL

Danny DeVito, 98', VE, +6, 1996

Con Mara Wilson, Danny DeVito

Matilda Wormwood, unha nena moi curiosa e intelixente, descobre que ten poderes telequinésicos. Axiña chega á conclusión de que podería usalos para facer o ben, axudando aos que están en dificultades, pero tamén castigando a persoas crueis e perversas.

🏆 **Sección Oficial – Sitges 1996**



NICKY, A APRENDIZ DE BRUXA

PASES 24-25-26 XUL

Hayao Miyazaki, 101', VOSE/VE, +5

Nicky é unha nena bruxa de 13 anos en período de adestramento, que se divirte voando na súa vasoira xunto a Jiji, un sabio gato negro. Segundo a tradición, todas as bruxas desa idade deben abandonar o seu fogar durante un ano para saber valerse por si mesmas.

PRIMEIROS PLANOS. Operas primas de grandes cineastas



A INFANCIA DE IVÁN PASES 1 E 16 XUL

Andrei Tarkovsky, 95', RUS, VOSE, 1962

Con Nikolay Burlyaeu, Valentin Zubkov

Os horrores da guerra no inesquecible debut que presentou ao mundo o xenio cinematográfico de Andrei Tarkovsky.

🏆 **León de Ouro – Venecia 1962**



MALAS TERRAS PASES 2 E 20 XUL

Terrence Malick, 95', ING, VOSE, 1973

Con Martin Sheen, Sissy Spacek

Iniciática viaxe de Malick pola América profunda e pedra angular do Novo Hollywood.

🏆 **Mellor Filme e Actor – Donostia 1974**



DOCE HOMES SEN PIEDADE PASES 6 E 23 XUL

Sidney Lumet, 95', ING, VOSE, 1957

Con Henry Fonda, Lee J. Cobb

Lumet debutou cun dos mellores dramas xudiciais da historia do cinema e cunha inesquecible interpretación de Henry Fonda.

🏆 **3 Nominacións – Óscar 1957**



RIVER OF GRASS PASES 7 E 22 XUL

Kelly Reichardt, 75', ING, VOSE, 1994

Con Lisa Bowman, Larry Fessender

Reinterpretación irónica e minimalista das historias de amantes fuxitivos que descubriu o talento dunha das maiores directoras do noso tempo.

🏆 **Sección Oficial – Sundance 1994**



TODOS VÓS SODES CAPITÁNS PASES 8 E 27 XUL

Oliver Laxe, 79, FR-ÁR, VOSE, 2010

Con Shakib Ben Omar, Oliver Laxe

Opera prima de Oliver Laxe que fixo historia ao ser a primeira película galega premiada en Cannes.

🏆 **Premio FIPRESCI – Quincena dos Cineastas Cannes 2010**



PATHER PANCHALI

(A CANCIÓN DO CAMIÑO) PASES 9 E 21 XUL

Satyajit Ray, 115', HIN, VOSE, 1955

Con Kanu Bannerjee, Karuna Bannerjee

O cineasta indio Satyajit Ray abraíu o mundo enteiro con esta historia sobre unha familia bengalí.

🏆 Premio OCIC — Cannes 1956



CRIME E CASTIGO PASES 13 E 30 XUL

Aki Kaurismäki, 83', FIN, VOSE, 1983

Con Markku Toikka, Aino Seppo

O reto de Aki Kaurismäki para filmar *Crime e castigo*, unha novela que, segundo Hitchcock, era imposible de filmar.



A FOLGA PASES 14 E 28 XUL

S. M. Eisenstein, 94', RUS, VOSE, 1925

Con Maksim Shtraukh, Grigori Aleksandrov

Con vinte e poucos anos e moi poucos medios, Eisenstein crea unha descomunal opera prima sobre a pulsión revolucionaria coa que inicia unha excepcional carreira.



CORPO CELESTE PASES 15 E 29 XUL

Alice Rohrwacher, 95', ITA, VOSE, 2011

Con Yle Vianello, Anita Caprioli

No seu debut Rohrwacher tece un drama costumista e intimista no que enfrenta unha crise de identidade adolescente e o desencanto relixioso.

Outras proxeccións

A CASA DO BOSQUE [1-4] 4 XUL
Maurice Pialat, 195', 1971

O SONHO DA RAZOM 9 XUL
Alberte Pagán, 79', 2026
📍 Presentación e coloquio
co director

A CASA DO BOSQUE [5-7] 11 XUL
Maurice Pialat, 169', 1971

VÍA VERSUS 11 XUL
María Salgado /
Clarisa Navas, 38'
📍 Presentación e coloquio
con María Salgado

LUNA 15 XUL
Pablo Casanueva, 73'
📍 Presentación e coloquio
co director

CARTA BRANCA ELENA DUQUE 31 XUL
VV.AA., 60'
📍 Presentación e coloquio
con Elena Duque



CONCERTOS
DO XACOBEO

Festival Sinsal

SON Estrella Galicia

Non é un festival.
É unha travesía

Illa de San Simón + Vigo
24-25-26/07

—
Vigo + Camiño portugués
31/07 01-02/08

sinsal.gal

ORGANIZA

SINSALAUDIO


PATROCINADOR PRINCIPAL

SON
Estrella Galicia

PATROCINADORES INSTITUCIONAIS

XUNTA
DE GALICIA

GALICIA
GALIDADE

Xacobeo  2027



Deputación
Pontevedra

X  rrabaias

 Ribs Baixos Fest

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela

www.numax.org

  @numaxcoop


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAA **Agencia**
GGGGGG **Gráfica**